

Versión en CASTELÁN

RESOLUCIÓN DO 1 DE XULLO DE 2021 DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL PARA 2021-2023

O *Real decreto 289/2021, de 20 de abril*, regula a concesión directa de subvencións, con carácter plurianual, ás universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español, entre as que figura a Universidade de Santiago de Compostela (USC). Nel instruméntase o investimento C21.I4 «Formación e capacitación do persoal docente e investigador». Trátase dun investimento de carácter plurianual dirixida á recualificación do sistema universitario español a través da promoción da formación dos seus novos doutores, do fomento da mobilidade do seu persoal docente e investigador para a recualificación do profesorado funcionario e contratado, e da atracción do talento internacional.

Así mesmo o día 4 de xuño de 2021 ten lugar a publicación no Boletín Oficial de Estado (BOE) da *Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real Decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español*.

A Universidade de Santiago de Compostela, é unha das universidades públicas beneficiarias destas subvenciones, téndose asignado no Real Decreto 289/2021 un total de 8.875.800 €.

As actuacións que se leven a cabo con cargo á subvención outorgada mediante o devandito real decreto permiten á USC acadar o cumprimento das seguintes finalidades, referidas *ut supra*, de interese público, social e económico en beneficio dunha mellora da calidade da educación en España:

a) a formación de novos doutores;

- b) a recualificación do profesorado universitario funcionario o contratado mediante a promoción da mobilidade do persoal docente e investigador;
- c) a atracción do talento internacional.

A tal fin, a universidade ten a obriga de destinar a subvención concedida ao financiamento de axudas que comprenden as seguintes modalidades:

- a) Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores.
- b) Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado.
- c) Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.

As axudas obxecto desta convocatoria teñen o seu encaixe dentro do paquete de medidas incluídas no Instrumento Europeo de Recuperación («*Next Generation EU*») da Unión Europea, de conformidade co Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, do Consello Europeo polo que se establece un programa para apoiar a activación do Sistema Universitario Español tras a crise da COVID-19.

En consecuencia, e no uso das atribucións que ten conferidas,

ACORDA:

Convocar as axudas para a recualificación do sistema universitario español de conformidade coas seguintes bases:

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O seu obxecto é convocar as devanditas axudas para a recualificación do sistema universitario español, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, que comprenden as seguintes modalidades:

a) **Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores:** O seu obxecto é a formación de novos doutores, mediante estadías de formación nunha universidade pública española, ou ben, en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en Organismos Públicos de Investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada polas persoas solicitantes.

b) **Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado.** O seu obxecto é a recualificación do profesorado universitario, funcionario o contratado, mediante estadías de formación nunha universidade ou centro de investigación públicos, distinto a aquel no que manteñen a relación estatutaria ou laboral.

c) **Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.** O seu obxecto é a atracción, á Universidade de Santiago de Compostela, de persoal docente e investigador con traxectoria posdoutoral acumulada en universidades ou centros de investigación estranxeiros.

2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está financiada pola subvención directa concedida á Universidade de Santiago de Compostela, na *Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real Decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español.*

3. MODALIDADES, DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE AXUDAS, DURACIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E DETALLE DO CONCEPTO FINANCIADO

O número, duración e importe das axudas serán as seguintes:

a. Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores.

Poderanse conceder un mínimo de 50 axudas, de conformidade co reparto seguinte segundo as grandes áreas de coñecemento:

- ✓ Artes e Humanidades: 11
- ✓ Ciencias da Saúde: 12
- ✓ Ciencias Sociais e Xurídicas: 3
- ✓ Ciencias: 18
- ✓ Enxeñaría e Arquitectura: 6

Se nalgunha grande área quedaran prazas desertas, asignaranse ás restantes áreas de acordo coa puntuación máis alta obtida pola persoa aspirante.

A dita axuda financiada polo Ministerio de Universidades, ascende a 3.500 € mensuais para estadias no estranxeiro e 2.800 € mensuais para estadias en territorio nacional, dos que deberán detraerse os custos sociais. Isto tradúcese na formalización dun contrato laboral de tres anos de duración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a persoa seleccionada, cunha retribución bruta mensual de 1.826 € por 14 pagas (25.564 € brutos anuais) cando o destino da estadia sexa o territorio español; porén, se a estadia ten lugar nun país estranxeiro, a retribución mensual ascenderá a 2.283 € por 14 pagas (31.962 € brutos anuais).

Durante dita vinculación laboral poderán colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 30 horas por curso académico.

A Universidade subscribirá para os beneficiarios da axuda que vaian a realizar a estadia nun país estranxeiro, un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto fosen insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros cubrirán o período total de estadia efectiva.

Ademais, percibirán unha axuda máxima de 3.500 € en concepto de gastos de instalación, segundo o lugar de destino de conformidade co

Anexo I desta convocatoria, da cal se detraerá, no seu caso, o importe do seguro contratado recollido no parágrafo anterior

b. Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado. Poderanse conceder un mínimo de 10 axudas para estadias de formación de 1 ano de duración ao profesorado titular de universidade, contratado doutor, e profesorado axudante doutor da USC, distribuídas do seguinte xeito:

-5 axudas para axudantes doutores, co reparto seguinte segundo as grandes áreas de coñecemento:

- ✓ Artes e Humanidades: 1
- ✓ Ciencias da Saúde: 1
- ✓ Ciencias Sociais e Xurídicas: 1
- ✓ Ciencias:1
- ✓ Enxeñaría e Arquitectura: 1

Se nalgunha grande área quedaran prazas desertas, asignaranse ás restantes áreas de acordo coa puntuación máis alta obtida pola persoa aspirante.

- 5 axudas para profesorado titular de universidade e/ou contratado doutor soamente nas seguintes grandes áreas de coñecemento:

- ✓ Artes e Humanidades: 1
- ✓ Ciencias da Saúde: 1
- ✓ Ciencias Sociais e Xurídicas: 1
- ✓ Ciencias:1
- ✓ Enxeñaría e Arquitectura: 1

Se nalgunha grande área quedaran prazas desertas, asignaranse ás restantes áreas de acordo coa puntuación máis alta obtida pola persoa aspirante.

A contía subvencionada polo Ministerio de Universidades ascende ao importe das retribucións (incluído soldo base, trienios e complementos) vixentes no momento da presentación da solicitude e un 20% desa cantidade en concepto de axuda por mobilidade. Porén, a Universidade financiará os incrementos retributivos así como o abono de novos complementos que se devindiquen mentres estea gozando da estadía, de conformidade coa *Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021, pola que se modifica a resolución reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela*

A Universidade subscribirá para os beneficiarios de axuda que vaian a realizar a estadía nun país estranxeiro, un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto fosen insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros cubrirán o período total de estadía efectiva.

Así mesmo, percibirán unha axuda máxima de 3.500 € en concepto de gastos de instalación, segundo o lugar de destino de conformidade co Anexo I desta convocatoria da cal se detraerá, no seu caso, o importe do seguro contratado recollido no parágrafo anterior

Para a formalización destas axudas, o profesorado seleccionado solicitará unha licenza por estudos para desenvolver actividades docentes ou investigadoras, de conformidade coa *Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021, pola que se modifica a resolución reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela*

c. Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.

Poderanse conceder un mínimo de 15 axudas para estadías de

formación de tres anos de duración na Universidade de Santiago de Compostela distribuídas do seguinte xeito:

- ✓ Artes e Humanidades: 3
- ✓ Ciencias da Saúde: 3
- ✓ Ciencias Sociais e Xurídicas: 1
- ✓ Ciencias: 5
- ✓ Enxeñaría e Arquitectura: 2

Se nalgunha grande área quedaran prazas desertas, asignaranse ás restantes áreas de acordo coa puntuación máis alta obtida pola persoa aspirante.

A dita axuda financiada polo Ministerio de Universidades, ascende a 4.000 €, dos que deberán detraerse os custos sociais. Isto tradúcese na formalización dun contrato laboral de investigador distinguido na modalidade Manuela Barreiro de tres anos de duración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a persoa seleccionada, coas retribucións establecidas no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela (DOG 24 de novembro de 2020)*, que ascende a 33.148,96 € brutos anuais para o ano 2021, cunha duración de tres anos (incluído salario base, complemento de categoría, e complemento de responsabilidade). A USC financiará con fondos propios o exceso dos importes non financiados pola subvención concedida polo Ministerio de Universidades.

As persoas seleccionadas poderán colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 60 horas por curso académico.

Ademais, percibirán unha axuda máxima de 3.500 € en concepto de gastos de instalación, segundo o lugar de orixe da persoa seleccionada,

de conformidade co Anexo I desta convocatoria da cal se detraerá, no seu caso, o importe do seguro contratado recollido no parágrafo anterior.

Co fin de promover a igualdade de oportunidades e la inclusión das persoas con discapacidade, **da totalidade de axudas ofertadas en cada modalidade, reservárase dúas de cada modalidade para persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao trinta e tres por cento.** As axudas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas acumularanse ao resto de axudas.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1. As persoas aspirantes deben reunir os requisitos seguintes:

- Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar as persoas estranxeiras de países non contemplados nos supostos anteriores. Neste caso, no momento de asinar o contrato deberán residir legalmente en España e contar con permiso de traballo ou coa súa excepción.

- Ter cumpridos os dezaseis anos.

- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións.

- Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tivesen a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estaren sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. Os anteriores requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

2. Así mesmo, para ser beneficiario/a destas axudas deberán cumprir **na data límite de presentación de solicitudes** as condicións que se indican a continuación para cada modalidade de axuda:

1. Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

i. **Ter transcorrido como máximo dous anos entre a data de obtención do título de doutor na Universidade de Santiago de Compostela e a do peche do prazo de presentación de solicitudes.** Porén, aquelas persoas que obtiveran o título de doutoramento nunha universidade privada española ou aquelas de nacionalidade española que obtiveran en universidades ou centros de investigación estranxeiros, poderán concorrer a esta modalidade de axuda sempre e cando se incorporen no seu último ano de estadía á USC.

Non obstante, ampliarase o citado prazo de dous anos cando concorra algunha das seguintes situacións:

1.º Nacemento de fillo/a, o coidado de fillo/a nos casos de adopción ou nos supostos de garda con fins de adopción ou acollemento permanente, sempre e

cando a data de nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial o administrativa se producira entre a data de obtención do grao de doutore a data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Aplicarase unha ampliación dun ano por cada fillo/a.

2.º Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas a el, suspensión do contrato por risco durante o embarazo ou por risco durante a lactación natural dun/a menor de nove meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

3.º Incapacidade temporal por causas distintas aos do punto anterior por un período de, polo menos, tres meses consecutivos. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

4.º Excedencias por coidado de fillo/a, por coidado de familiar, por razón de violencia de xénero e por razón de violencia terrorista, por un período mínimo de tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

5. Redución de xornada por garda legal, por coidado directo de familiar, ou para coidado de menor afectado de enfermidade grave, por un período mínimo de tres meses, calculado en xornadas completas. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

6. Atención a persoas en situación de dependencia, ao abeiro no recollido na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un período mínimo de tres meses. Aplicarase unha ampliación igual ao período xustificado.

Estes períodos indicaranse e acreditaranse debidamente no momento de presentación da solicitude. Será compatible a aplicación de máis dunha das situacións previstas neste apartado, podéndose acumular diferentes períodos, sempre que os períodos xustificadas non concorran en idéntico período de tempo. O cómputo da ampliación a aplicar realizarase redondeando ao alza a meses completos o período xustificado ou, se resultan de aplicación varios

períodos, a suma dos períodos xustificados. A estes efectos, o período xustificado por nacemento ou coidado de fillo/a será dun ano por cada fillo/a, a contar desde a data de nacemento ou da resolución xudicial ou administrativa.

7. Aplicarase unha ampliación de dous anos adicionais para as persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao trinta e tres por cento.

ii. **Solicitar a súa incorporación nunha universidade ou centro de investigación públicos distintos a aquel no que realizaron a súa formación predoutoral e obtiveron o doutoramento.**

iii. **No suposto de que as axudas se soliciten para estadias de formación en universidades ou centros de investigación situados no estranxeiro, ou para estadias de formación en centros de investigación públicos españois, o último ano da axuda deberá realizarse nunha universidade pública española, seleccionada pola persoa candidata.**

2. Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado

i. **Ser profesor/a titular de universidade, contratado/a doutor ou profesor/a axudante doutor da Universidade de Santiago de Compostela.**

ii. **O profesorado titular de universidade e o contratado/a doutor non deberán superar dez anos de servizo na figura que ostente na data fin de presentación de solicitudes.** As situacións de servizos especiais, comisións de servizo ou excedencias, as baixas por maternidade/paternidade e por enfermidade de longa duración descontaranse do tempo de servizo.

iii. **Solicitar a incorporación noutra universidade ou centro de investigación públicos para realizar unha estadia de formación.**

3. Axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional

i. **Ser persoal docente e investigador, de nacionalidade española ou doutro país**, cunha traxectoria posdoutoral acumulada **non inferior a vinte e catro meses** en universidades ou centros de investigación españois ou situados fóra de España diferentes ao da defensa da tese doutoral.

ii. **Estar desenvolvendo, no momento de formular a solicitude, proxectos de investigación e/ou impartindo docencia en universidades, centros de investigación ou organismos situados fóra de España**

iii. **Xustificar o impacto** da súa incorporación na recualificación do equipo universitario da USC.

5. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas solicitantes presentarán unha única solicitude na Universidade de Santiago de Compostela. Esta deberá formalizarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da USC na seguinte

ligazón:

(https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/CITT_axudas_recualificacion.htm).

O prazo de presentación iniciarase o día 14 de xullo e rematará o día 13 de agosto de 2021 (ambos os dous incluídos)

6. DOCUMENTACIÓN

Con cada solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Axudas Margarita Salas para la formación de novos doutores

a) Solicitude asinada pola persoa candidata.

b) Copia do título de doutor/a ou equivalente, ou documento que acredite fidedignamente a súa posesión, a non ser que o título fose expedido na Universidade de Santiago de Compostela.

c) Declaración responsable de que reúne todos e cada un dos requisitos exixidos na convocatoria e que os méritos alegados son certos e posúen os documentos orixinais que o acreditan.

d) Currículo vitae abreviado (CVA) da persoa candidata nun modelo normalizado, preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es>. Os méritos alegados poderán ser acreditados por calquera medio que permita a súa constancia e valoración por parte da comisión.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CVA na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

e) Memoria xustificativa do impacto da estadía no progreso da carreira docente e investigadora da persoa candidata. (extensión máxima 5.000 palabras).

f) Documento de aceptación da estadía asinada polo representante legal ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos e do/a coordinador/a do grupo de investigación do centro receptor.

g) Documento xustificativo do historial científico-técnico do grupo receptor de destino non pertencente á USC.

h) No caso de que no último ano de estadía o seu destino fora a USC, documento de aceptación do departamento receptor responsable.

2. Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado

a) Solicitud asinada pola persoa candidata.

b) Currículo vitae abreviado (CVA) da persoa candidata a ser destinataria da axuda nun modelo normalizado, preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es>. Os méritos alegados poderán ser acreditados por calquera medio que permita a súa constancia e valoración por parte da comisión.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CVA na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

c) Documento xustificativo do historial científico-técnico do grupo receptor.

d) Memoria onde se xustifique o impacto na docencia, investigación e transferencia do coñecemento que achegará esta estadía na persoa candidata e no grupo de investigación da USC.

e) Documento de aceptación da estadía pola universidade ou centro de investigación receptores asinada polo representante legal ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos, así como do coordinador ou equivalente do grupo de investigación receptor do centro de destino.

3. Axudas Maria Zambrano para a atracción de talento internacional

a) Solicitud asinada pola persoa candidata.

b) Copia do título de doutor/a ou equivalente, ou documento que acredite fidedignamente a súa posesión, a non ser que o título fose expedido na Universidade de Santiago de Compostela.

c) Currículo vitae abreviado (CVA) da persoa candidata nun modelo normalizado, preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es>. Os méritos alegados poderán ser acreditados por calquera medio que permita a súa constancia e valoración por parte da comisión.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CVA na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

d) Memoria onde se xustifique a adecuación da persoa candidata ás necesidades de investigación e transferencia do coñecemento do grupo receptor e impacto esperado.

e) Documento de aceptación da estadía polo grupo de investigación e polo departamento receptor da Universidade de Santiago de Compostela.

f) Documento acreditativo da traxectoria posdoutoral e dos períodos de vinculación a outros organismos ou institucións.

g) Documento que acredite que a persoa candidata está a desenvolver, no momento de formular a solicitude, proxectos de investigación e/ou docencia en universidades ou centros situados fora de España.

h) Certificado do seu centro de orixe no que se indique a súa vinculación actual cunha universidade ou centro de investigación estranxeiro.

Respecto ao historial científico-técnico do grupo receptor, non é preciso que a persoa solicitante o achegue xa que figuran nas dependencias da Universidade a dita información, polo que se incorporará de oficio ao expediente.

7. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Reitoría publicará a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas da exclusión, no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>)

2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

3. A emenda farase unicamente a través do formulario habilitado para estes efectos na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela

4. Os aspirantes que dentro dos prazos sinalados non emenden ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Unha vez transcorrido o prazo para as emendas ou alegacións, a Reitoría publicará unha resolución pola que se aproban as listas definitivas das solicitudes admitidas e excluídas no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

5. O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

6. Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de non admisión da solicitude presentada, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

8. COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN.

1. Constituiranse dúas Comisións de avaliación que terán a obriga de avaliar todas as solicitudes de cada modalidade presentadas na Universidade de Santiago de Compostela.

A primeira delas realizará a avaliación das solicitudes da modalidade Margarita Salas para a formación de novos doutores e da modalidade María Zambrano para a atracción do talento internacional.

A segunda delas efectuará a avaliación das solicitudes das axudas para a recualificación do profesorado funcionario ou contratado.

Cada unha das Comisións estará constituída por cinco membros que sexan persoal docente ou investigador de recoñecido prestixio, representantes das grandes áreas de coñecemento, nomeados pola Reitoría, con vinculación laboral fixa ou funcionarial na institución á que pertenzan. Na conformación da comisión, tanto titulares como suplentes, tenderase á paridade entre mulleres e homes, Así mesmo, estará constituída, maioritariamente, por membros externos á USC. A presidencia e a secretaría será exercida por persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Cada unha das comisións poderán estar asistidas por algunha persoa asesor/a nomeada, no seu caso, polo Reitor, cuxa obriga consistirá na emisión dos informes cos pronunciamentos pertinentes que lle sexan solicitados pola Comisión.

3. As comisións de avaliación velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos no proceso de selección, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, promovendo a representación equilibrada entre mulleres e homes.

4. Os membros das comisións deberán absterse de intervir, notificándollos ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para maior abastanza, seralles requirida pola USC unha declaración de ausencia de conflito de intereses Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias anteriormente citadas.

9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

O proceso de selección comprenderá unha única fase na que se seleccionará ao candidato ou candidata previa avaliación das solicitudes presentadas e da emisión do correspondente informe-proposta por parte de cada Comisión

As solicitudes serán cualificadas cunha puntuación entre 0 e 100 puntos, que se desagregará do seguinte xeito de conformidade co previsto no apartado 6 (Avaliación e selección) do *Real Decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español*:

a) **CVA do candidato ou candidata, ata 50 puntos.**

- i. Contribucións científico-técnicas: Poderán valorarse, entre outros, os méritos curriculares do/a candidato/a, así como a súa adecuación ás tarefas a realizar en función da formación e experiencia profesional. Tamén poderá ser obxecto de valoración a relevancia das contribucións do/a candidato/a en artigos publicados en revistas científicas, das revistas científicas no Q1 do JCR e Scopus ou A+ e A segundo os criterios de CIRC, [Clasificación Integrada de Revistas Científicas](#), libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, patentes concedidas ou licenciadas, traballos presentados en congresos, actividades de formación, de xestión, de transferencia de tecnoloxía e de divulgación científica, e en xeral, calquera outra achega que permita valorar a relevancia dos diferentes aspectos da actividade investigadora desenvolvida.
- ii. Mobilidade e internacionalización. Poderán valorarse, entre outros, a relevancia das estancias da persoa candidata en centros nacionais e internacionais (prestixio do centro de recepción da estadía, aportacións do/a candidato/a ás liñas de traballo do centro e grupo/s con los que ten traballado) e, no seu caso, os resultados da actividade durante o Período de Orientación Posdoutoral (POP).

Os resultados de investigación publicados, patentados ou en explotación en colaboración internacional e a participación en accións relacionadas con programas e proxectos internacionais, así como a implicación directa neles.

- iii. Liderado. Poderán valorarse, entre outros, o grao de independencia investigadora adquirida pola persoa aspirante ao longo da súa traxectoria profesional incluíndo: a participación en proxectos de investigación como investigador principal, a capacidade para liderar grupos de investigación, a captación de recursos, incluído o financiamento a través da participación en accións relacionadas con programas e proxectos tanto nacionais como internacionais, incluídos os financiados por empresas e outras entidades privadas, a dirección de teses doutorais e calquera outra experiencia científica e profesional de relevancia.

b) Historial científico-técnico do grupo receptor, ata 30 puntos.

1. Nas axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores e nas axudas para a recualificación do profesorado funcionario ou contratado:

Cada comisión valorará os seguintes ítems:

- i. Teses de doutoramento dirixidas/codirixidas.
- ii. Publicacións non periódicas
 - ii.1..Libros Valoraranse os libros con ISBN ou Depósito Legal, publicados en editoriais de recoñecido prestixio nacional ou internacional e cun procedemento selectivo para a aceptación de orixinais.
 - ii.2.Capítulos de libros: Valoraranse as achegas ou capítulos en libros con ISBN ou Depósito Legal, publicados en editoriais de recoñecido prestixio nacional ou internacional e cun procedemento selectivo para a aceptación de orixinais.

- iii. Artigos en revistas científicas Valoraranse os artigos publicados en revistas indexadas en WOS (JCR) e Scopus (SJR), ou clasificadas segundo os criterios de CIRC, Clasificación Integrada de Revistas Científicas, atendendo a súa presenza nun cuartil ou tramo da clasificación determinado (é dicir, soamente valoraranse os artigos en revistas científicas Q1 en JCR ou Scopus; A+ e A en CIRC), logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría (materia/área), da última versión das bases indicadas.
- iv. Patentes concedidas Teranse en conta as patentes concedidas (rexistradas na OEPM), non as solicitadas, no ano en curso.
- v. Proxectos competitivos Valóranse os proxectos concedidos nos últimos 3 anos.
- vi. Contratos, convenio de I+D e servizos de asistencia técnica e Innovación nos últimos 3 anos.
- vii. Contratos de transferencia Teranse en conta calquera tipo de contratos de licencia que estableza nas súas cláusulas algún tipo de contraprestación económica. Valoraranse tanto os contratos de licencia de software como de patentes ou *know-how*.

2. Nas axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional:

Ao ser o grupo receptor da Universidade de Santiago de Compostela, terase en conta a media na puntuación da produción científica dos anos 2018 e 2019 (https://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/5070_gl.pdf) dividida entre o número de persoal docente e investigador a tempo completo membro do grupo.

c) Memoria xustificativa, ata 20 puntos.

- **Nas axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores, valorarase:**
 - i) O impacto da actuación na formación, a empregabilidade ou a traxectoria académica e profesional do/a candidato/a ou, en función da calidade do plan de formación deseñado e a capacidade formativa do centro de destino.
 - ii) A experiencia a adquirir, o interese, aplicabilidade e proxección de futuro de dita actividade.
 - iii) A relevancia ou recoñecemento da universidade ou centro de investigación onde se vai a desenvolver a estadía.
 - iv) A ubicación da universidade ou centro de investigación de destino fóra do territorio español.

- **Nas axudas para a recualificación do profesorado funcionario ou contratado, valorarase:**
 - i) O grao de novidade e relevancia dos obxectivos e os resultados que se esperan obter desta axuda
 - ii) A planificación da actividade a desenvolver polo/a candidato/a que permita demostrar que fortalecerá as actividades de I+D+i do grupo de investigación ao que pertence, incluíndo o seu impacto sobre os resultados científico-técnicos ,a súa divulgación e sobre actividades de transferencia de coñecemento.
 - iii) A experiencia a adquirir na estadía, os intereses, aplicabilidade e proxección de futuro na súa actividade docente.
 - iv) A relevancia ou recoñecemento da universidade ou centro onde se desenvolva.
 - v) A ubicación da universidade ou centro de investigación de destino fora do territorio español.

- **Nas axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional, valorarase:**

- i) O impacto da actividade a desenvolver polo/a candidato/a o, no fortalecemento das liñas de investigación do grupo de investigación receptor da USC
- ii) Os posibles beneficios de carácter científico para o grupo de investigación receptor que se derivarán da estadia
- iii) A planificación da persoa candidata da investigación e da transferencia do coñecemento no grupo de investigación receptor
- iv) A capacidade da persoa solicitante e do grupo receptor para levar a cabo os obxectivos propostos así como a adecuación da metodoloxía e o plan de traballo

A puntuación mínima necesaria para superar a avaliación será de 80 puntos.

A comisión, unha vez valoradas todas as solicitudes, elaborará o informe-proposta que elevará á Reitoría, no que fará constar a súa proposta coa relación de persoas candidatas a ser beneficiarias das axudas, ordenadas pola puntuación total acadada en todos os apartados.

10. PRAZO DE RESOLUCIÓN DE SELECCIÓN, NAS QUE FIGURARÁN AS PERSOAS BENEFICIARIAS E AS PERSOAS INTEGRANTES DA LISTAXE DE RESERVA.

1. A Reitoría, á vista dos informes emitidos polas Comisións de Avaliación, publicará a resolución de cada modalidade, que incluírá a relación de persoas seleccionadas e a lista de reserva, de ser o caso.

